



A Dirección Xeral de Xuventude, como participante da Campaña de verán 2026, no programa de **intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas**, infórmate sobre a túa incorporación:

## ACTIVIDADE

**Multiaventura e aire libre.** Castela e León.

Datas: do **1 ao 10 de agosto de 2026**.

Aloxamento: **Albergue Xuvenil Navarredonda de Gredos.** Carretera C-500 Km 41,5. 05635 Navarredonda de Gredos (Ávila).

Teléfono: 920 348 005

## SAÍDA

DATA: **1 de agosto de 2026**

HORA: **09:00 horas**

LUGAR DE SAÍDA: **Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia** (entrada principal). R/ Miguel Ferro Caaveiro, s/n. San Lázaro 15703 Santiago de Compostela

## REGRESO

DATA: **10 de agosto de 2026**

HORA DE SAÍDA: **Despois do almorzo** (a hora aproximada de chegada será comunicada telefonicamente polas persoas participantes)

## NOTAS:

1. Terás que levar comida para a viaxe de ida.
2. As persoas participantes nesta actividade irán acompañados dun monitor da Dirección Xeral de Xuventude.
3. A equipaxe ten que ser moderada. A capacidade do autobús é limitada e, polo tanto, o exceso de equipaxe quedará en terra.
4. No caso de non ter entregado o modelo de **autorización para facer fotografías** durante o desenvolvemento dos campamentos, asinada polos teus pais ou titores, poderás facelo o día da saída. Tamén deberás entregar a **autorización para a túa recollida** (só no caso de que non sexan os teus pais ou titores os que te recollan á volta). Estas autorizacións debes entregarllas ao monitor acompañante cando te incorpores ao autobús.
5. **Equipamento e documentación.** Comproba as indicacións da **Información xeral Gredos na páxina seguinte (material recomendado)**.

## COMUNICACIÓN (importante)

Se levas teléfono móbil, lembra que, debido a situación das instalacións, pode haber dificultades de cobertura. Na instalación determinaranse as horas concretas para a comunicación telefónica. **Non chamar directamente a instalación salvo en caso de urxencia.**



**ALBERGUE XUVENIL NAVARREDONDA DE GREDOS – Ávila.**  
**MULTIAVENTURA E AIRE LIBRE**

**CARACTERÍSTICAS DA INSTALACIÓN**

Edificación rural no Parque Natural de Gredos entre ríos e montañas. Está á beira do río Tormes, onde se pode desfrutar da natureza con rutas de sendeirismo. Ademais a proximidade á capitais de provincias permite excursións de gran interese cultural.

O Albergue conta con gran espazo exterior para a realización de actividades, así como de habitacións múltiples, piscina de verano, pista polideportiva e biblioteca.

**ACTIVIDADES:**

Paintball, parque de cordas, bivaque, rutas BTT (bicicleta de montaña), excursión a algún lugar de interese paisaxístico ou cultural, veladas, obradoiros, xogos de animación, sendeirismo á Laguna Grande.

**NOTA:** para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

**DOCUMENTACIÓN NECESARIA:**

- Tarxeta sanitaria da Seguridade Social ou outro tipo de Seguro médico.
- DNI ou pasaporte.
- **Certificado ou informe médico obrigatorio en casos de dietas especiais, medicación ou enfermidades.**

**MATERIAL RECOMENDADO:**

- Mochila tamaño mediano
- Toalla de lavabo, ducha, piscina
- Útiles de piscina: bañador, gorra para o sol, protector solar
- Útiles de aseo persoal e toallas
- Roupa cómoda e deportiva, chubasqueiro e roupa de abrigo
- Calzado deportivo, botas de trekking e sandalias de auga
- Saco de durmir e illante
- Cantimplora ou botella de auga recargable